

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE CULLEREDO “PORTUS VENERIS”

O vindeiro venres día 12 de xuño ás 20:30 horas Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo en Culleredo, terá lugar a derradeira das funcións teatrais que forman parte do programa dos Encontros Culturais de Primavera. Letras Galegas 2009 que organiza a Concellería de Cultura coa representación da obra “PORTUS VENERIS” a cargo da ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DE CULLEREDO baixo a dirección de Santiago Fernández.

“Portus Veneretis” é un percorrido polas experiencias de diferentes mulleres nun marco, onde se mestura a comedia lixeira e o drama, ao cruzar o umbral dunha porta. Está interpretada por Diana Sieira, Ángela Granero, Anabel Vergara, Julia Miguel, Raquel Rodríguez, Carmen Barva e Maruxa Boquete. Está dirixida por Santiago Fernández e o axudante de dirección é José León. O espazo escénico e musical foi elaborado pola asociación culleredense “Carfax Teatro”.

Esta función é o traballo final da Escola Municipal de Teatro de Culleredo na que se impartiu o terceiro curso de expresión dramática que se desenvolveu dende outubro do 2008 ata xuño do 2009 no Edificio Municipal de Servizos Múltiples do Burgo coordinada polo estudio Teatral “Casahamlet” baixo a dirección de Santiago Fernández e Manuel Lourenzo co obxectivo da formación de persoal coñecedor da arte dramática, tanto na formación de actores coma na produción, realización de espectáculos dramáticos, etc.

A Escola Municipal de teatro naceu coa pretensión de tentar encher o oco que existe no campo da formación dramática en Galicia e ante as escasas posibilidades que existen de poder adquirir formación neste campo a través das ensinanzas regradas, polo que este tipo de iniciativas son a única saída de cara a poder tomar contacto coa experiencia teatral e actoral.

O curso de 9 meses de duración foi impartido polos mestres do Estudio Teatral “Casahamlet” da Coruña, Santiago Fernández, Licenciado en arte Dramática pola “Real Escuela Superior de Arte Dramático” de Madrid e por Manuel Lourenzo, Licenciado en Interpretación polo “Institu del teatre” de Barcelona

Está recomendada para público adulto e a entrada é de balde.

Culleredo, 8 de xuño de 2009
O CONCELLEIRO DE CULTURA

Asdo.: Celestino Poza Domínguez